

**V XORNADAS "CIENCIA E TERRITORIO.  
A AUGA: USOS E ABUSOS (I)"  
Melide, 10, 11 e 12 de setembro de 2007  
Comunicado de prensa**

**O ESTUDO PRÁCTICO *IN SITU* DO ECOSISTEMA E DO ESTADO DE  
CONSERVACIÓN DUN RÍO OCUPARÁ PARTE DAS V XORNADAS  
"CIENCIA E TERRITORIO"**

- **Especialistas das tres Universidades galegas, da administración e de diferentes colectivos de defensa do medio natural, debaterán en Melide durante tres días os *usos e abusos* aos que sometemos á auga.**
- **As Xornadas constarán dun total de cinco conferencias impartidas por recoñecidos especialistas na materia, e de catro saídas prácticas de campo para analizar a realidade do uso da auga na comarca da Terra de Melide.**
- **Diferentes empresas da comarca están implicadas na organización das Xornadas, ademais das institucións locais de Santiso, Toques e Melide, as Consellerías de Educación e Medio Ambiente, e o Plan Xacobeo.**

Organizadas por Nova Escola Galega e o IES Melide, celebraranse os días 10, 11 e 12 de setembro as V Xornadas "Ciencia e Territorio", nesta edición centradas na problemática arredor da auga. No seu desenvolvemento está previsto que estean representadas as tres universidades galegas, ademais das administracións públicas e de diferentes colectivos de defensa do medio natural. Algunhas das persoas que dirixirán as diferentes sesións das Xornadas son o profesor da USC **Fernando Cobo Gradín**, os profesores da Universidade da Coruña **Manuel Soto Castiñeira** e **Rosa Meijide Faílde**, o investigador do Instituto Español de Oceanografía **Juan José González Fernández**, ou a coordinadora do "Proxecto Ríos" da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza **Virxinia Rodríguez Álvarez**.

A partir do ano 2003, Nova Escola Galega e os Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do IES Melide propuxeron, nunha convocatoria anual, unhas xornadas de estudo centradas na comarca da Terra de Melide. A convocatoria nacía coa pretensión de ser exemplificadora a respecto de como os educadores e educadoras poden aproveitar os recursos didácticos que lles ofrece o medio, sexa cal sexa o punto de Galicia no que desenvolvan o seu traballo. As catro primeiras edicións das Xornadas "Ciencia e Territorio" estiveron centradas na Xeoloxía, na Xeomorfoloxía, na Botánica e na Arqueoloxía, respectivamente.

Recollendo a opinión dos propios asistentes ás edicións anteriores, as V Xornadas Ciencia e Territorio pretenden analizar todo aquilo que, desde a óptica didáctica, nos pode ofrecer a auga. O tratamento específico da problemática que xira arredor da auga, é especialmente significativo nuns tempos nos que, ademais da existencia dunhas preocupantes circunstancias ambientais no país, semella que comezamos a ser conscientes de que a auga non é un ben inesgotable.

Igual que nas edicións anteriores, esta actividade formativa contempla unha metodoloxía dual. Por unha parte, a fundamentación teórica, concretada en conferencias impartidas por recoñecidos especialistas. Por outra, o traballo de campo, centrado fundamentalmente na comarca da Terra de Melide.

Na presente edición agárdase que participen arredor dunhas 60 persoas, toda vez que as prazas son limitadas, precisamente para que sexa posible que as sesións prácticas poidan ser debidamente aproveitadas. Unha destas sesións, en concreto, tratará de analizar o estado no que se atopa o río Martagona nun tramo que se atopa preto da propia vila de Melide.

As V Xornadas Ciencia e territorio darán comezo o próximo luns, día 10 de setembro, ás 10.00 h. no Edificio de Usos Múltiples de Melide, coa inauguración oficial na que participarán a Alcaldesa de Melide, **Socorro Cea**, o Presidente de Nova Escola Galega, **Xosé Lastra**, a Directora do IES Melide, **Margarita Quintela**, o Inspector da Consellería de Educación da zona, **Manuel Reboredo**, e o coordinador xeral das Xornadas **Luís Ramil**. Inmediatamente despois, **Daniel Romay Díaz**, Técnico da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, impartirá a primeira conferencia, neste caso sobre a planificación hidrolóxica de Galicia.

Achegamos programa completo da actividade, agradecendo de antemán a súa difusión. Incluímos, igualmente, dúas fotografías da edición de 2006, así como a fotografía orixinal (dunha ferverza do Concello de Toques) que serve de portada ao tríptico que recolle o programa.

Melide, 7 de setembro de 2007